

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Emenda do erro padecido nas bases específicas reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos de auxiliar de axuda ao fogar*

#### ANUNCIO

**EMENDA DO ERRO PADECIDO NAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO V, AUXILIAR DE AXUDA AO FOGAR, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN**

Con data 17.04.2024 publicouse no BOP de A Coruña nº 75 anuncio relativo á “CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO V, AUXILIAR DE AXUDA AO FOGAR, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN”.

Porén, con posterioridade, advírtese a existencia dun erro aritmético e de feito na Base específica cuarta:

*“O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de dúas probas.*

#### **Primeira proba**

#### **De carácter teórico práctico, obrigatoria e eliminatoria**

*Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica) e as funcións propias da praza conforme a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód. 9005. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 50 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acadе 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.”*

Para tal efecto, e por razóns de seguridade xurídica, sendo a aplicación máis favorable para as persoas aspirantes, unha vez correxido o valor da puntuación asignada a cada resposta correcta a 0,334 puntos en función do total de preguntas e puntuación máxima a acadar, engádesse un apartado adicional de forma que se rexeiten os valores decimais que superen a indicada puntuación máxima (0,02 puntos).

Polo exposto, faise público que mediante Decreto 2024-0507, do 30 de abril de 2024, do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, acordouse proceder á emenda do erro aritmético advertido nas Bases específicas reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do concello de Mugardos asimilada á Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, Grupo V, auxiliar de axuda ao fogar, polo procedemento de oposición, Base específica cuarta e así onde dí:

“...

#### **Cuarto.- Procedemento de selección.**

O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de dúas probas.

#### **Primeira proba**

#### **De carácter teórico práctico, obrigatoria e eliminatoria**

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica) e as funcións propias da praza conforme a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód. 9005. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 50 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acadе 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.”

Debe dicir:

**“Cuarto.- Procedemento de selección.**

O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de dúas probas.

**Primeira proba**

**De carácter teórico práctico, obrigatoria e eliminatoria**

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, de carácter teórico sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica) e práctico, relativas ás funcións propias da praza conforme a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód. 9009. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 50 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,334 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos rexeitándose os decimais que en atención ao valor asignado a cada resposta correcta, superen a devandita puntuación máxima. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.”

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 30.04.2024 (Delegación de competencias R.A. 2023-0615, de 26.06.2023).

2024/2953